

GRUPO DE TEATRO

OS ASOMADOS

PRESENTA

“O monstro de cores”
en sombras chinesas



CEE HC San Rafael. Vigo

ORIXE E CONSOLIDACIÓN DO PROXECTO

- A dedicación e entusiasmo dun mestre que asistiu a un curso de Sombras Chinesa organizado polo Equipo de Normalización do Concello de Vigo, e impartido pola compañía Tanxarina.
- A necesidade de atopar unha ferramenta coa que traballar o desenvolvemento no ámbito da integración social e comunitaria, como parte dos obxectivos formulados para o alumnado de Transición á Vida Adulta.
- A grande aceptación que tivo a posta en marcha dunha xira de representacións en distintos centros escolares de Vigo.



CEE HC San Rafael. Vigo



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

OBXECTIVOS

- **DESENVOLVER O POTENCIAL EXPRESIVO E CREATIVO DO ALUMNADO**

Mediante actividades e recursos teatrais que respecten a globalidade, o estado evolutivo e o desenvolvemento psicomotriz, tendo en conta aspectos tan fundamentais coma as necesidades, os intereses e o grao de madurez do alumnado.

- **UTILIZAR A DRAMATIZACIÓN E O TEATRO COMO MEDIO DE EDUCACIÓN**

Favorecendo o traballo en grupo e desenvolvendo o autocontrol, harmonízase o esforzo de cada un cos demais. Sensibilízanos ante os problemas representados. Buscamos acadar a calidade artística.

- **APROVEITAR AS CARACTERÍSTICAS QUE OFRECE O TEATRO DE SOMBRAS**

Trátase dun teatro que se realiza detrás dunha tea, isto supón unha protección para aqueles alumnos que se poden mostrar mais inhibidos de cara ao público. As persoas que non participan de maneira doada neste tipo de actividades, teñen unha forma de comezar a facer teatro sen que lles custe demasiado, finalmente, o teatro de sombras, moitas veces, supón un fío condutor cara ao teatro “normal”.



OBXECTIVOS

- **FOMENTAR O USO DO GALEGO**

Normalizar o uso do galego de forma oral, a través dos diálogos dos títeres, e das actividades relacionadas para traballar as emocións. Incrementar a percepción do galego como unha lingua que é útil para os momentos de tempo de lecer.

- **TRABALLAR A INTELIXENCIA EMOCIONAL**

Mediante o conto do monstro de cores, traballamos habilidades para o autocoñecemento, apreciar os sentimentos, os temores, as motivacións propias (intelixencia intrapersoal). Tamén traballamos habilidades para relacionarse e levarse ben con outras persoas (intelixencia interpersoal).



CARACTERÍSTICAS DA ACTIVIDADE

- **Número de participantes:** 7 alumnos/as de Tránsito á Vida Adulta e 2 profesores.
- **Material necesario:** teatro de sombras, títeres, ordenador portátil, alongador, regleta, altofalante, foco halóxeno con pé, 2 focos led e lanterna.
- **Duración:** 20 minutos. Distribución: Introducción (5 minutos), obra (8 minutos), presentación dos actores/actrices (2 minutos), explicación do funcionamento dun títere (5 minutos)
- **Características do espazo:** lugar con posibilidade de regular a luz (espazo con persianas) para poder quedar a escuras. Toma de corrente.
- **Público ao que vai dirixido:** alumnado de Educación Infantil e 1º e 2º de Primaria.
- Para unha mellor comprensión e gozo da obra sería conveniente que o mestre do colexio onde se vai representar traballase o conto, relacionando as cores cos sentimentos do monstro. Para iso, pode axudarse dos seguintes anexos.



ANEXO I:

CONTO O MONSTRO DE CORES

Voz en Off: Este é o monstro de cores. Hoxe levantouse raro, confuso, aturdido... Non sabe moi ben que lle pasa.

Monstro: Aiii!!! Hoxe non sei que me pasa. Síntome moi raro.

Voz en off: Esta rapaza é Lili. Unha amiga do monstro. Lili, coñece moi ben ao monstro de cores.

Lili: Xa te volviches a lear? Non aprenderás nunca. Menudo lío que te fixeches coas emocións. Así, todas revoltas, non funcionan. Terás que separalas e colocalas cada unha no seu bote. Se queres, axúdoche a poñelas en orde. Queres?

Monstro: Sí. Por favor. Así non estou nada cómodo. Síntome moi confuso!

Lili: O primeiro é saber distinguir as emocións.



ALEGRÍA

Lili: A alegría é contaxiosa. Brilla como o sol. Parpadea coma as estrelas. Cando estás contento, ris, brincas, bailas e cantas.

TRISTEZA

Lili: A tristeza sempre está botando de menos algo. É suave coma o mar. Doce coma os días de choiva.

Cando estás triste, agóchaste, queres estar só... e non che apetece facer nada.

RABIA

Lili: A rabia arde ao vermello vivo e é feroz coma o lume, que queima e é difícil de apagar.

Cando estás enfadado, sentes que se cometeu unha inxustiza e queres descargar a rabia noutros.

Monstro: Grrrrr!!! Non é xusto!!! Estou enfadado!!! Saíde todos do meu camiño!!!



MEDO

Lili: O medo é covarde. Agóchase e fuxe coma un ladrón na escuridade.

Cando sentes medo, vólveste pequeno e pouca cousa... e cres que non poderás facer o que se che pide.

Monstro: uhhh!! Dáme medo facer algunhas cousas. Parécenme complexas, e creo que non vou ser quen de facelas.

CALMA

Lili: A calma é tranquila coma as árbores, lixeira coma unha folla ao vento.

Cando estás en calma, respiras pouco a pouco e profundamente. Sénteste en paz.

Monstro: (inspira) ohhhmmmm!!!! Que tranquilidade!!!



Lili: Estas son as emocións. Cada unha ten unha cor diferente, e ordenadas funcionan mellor. Ves que ben? Xa están todas no seu sitio.

Amarelo- alegría

Azul-tristeza

Vermello-rabia

Negro-medo

Verde-calma

Peroooo. E agora pódese saber que che pasa???

Monstro: non sei que me pasa pero teño o corazón que me late moi forte e no ventre parece que teño bolboretas.



ANEXO II

ACTIVIDADES PREVIAS Á REPRESENTACIÓN

1. LER O CONTO DE “O MONSTRO DE CORES” CO ALUMNADO

2. COPIA O NOME DAS EMOCIÓNS COA COR CORRESPONDENTE:

ALEGRÍA (amarelo)

MEDO (negro)

TRISTEZA (azul)


CALMA (verde)

RABIA (vermello)

AMOR (rosa)




3. O DADO DAS EMOCIÓNS



ACTIVIDADES

1. Recorta, pinta e pega o dado.
2. Lanza o dado e expresa un suceso que che transmita esa emoción.
3. Di unha palabra que comece coa primeira letra da emoción.
4. Di a emoción contraria.
5. Lanza o dado e o que toque será o teu xogador no tres en raia.

4. TRES EN RAIA



5. FAI O TEU PROPIO TÍTERE

- a) Elixe a personaxe que máis che guste (monstro envurullado, monstro alegre, monstro triste, monstro enfadado, monstro medoso, monstro en calma ou monstro namorado).
- b) Recorta a personaxe.
- c) Pega o recorte nunha cartolina e volvea recortar.
- d) Cun punzón fai o buraco da barriga.
- e) Ponlle o papel celofán da cor correspondente.
- f) Pega nun pao, preferiblemente plano, tipo xeado ou depresor, a silueta recortada.



Monstros



Monstros





Monstros




6. MARCAPÁXINAS

Colorea, recorta, escribe o teu nome por detrás, plastifica e recorta o teu marcapáxinas.




7. PUZZLES



CEE HC San Rafael. Vigo

HERMANOS DE SAN JUAN DE DIOS



CEE HC San Rafael. Vigo

ANEXO III

ACTIVIDADES POSTERIORES Á REPRESENTACIÓN

1. CONTA O QUE SUCEDE NA IMAXE



2. RECORTA E ORDENA TEMPORALMENTE AS CATRO ESCENAS




3. RELACIONA AS IMAXES CON FRECHAS



4. TRABALLA OS TAMAÑOS: RECORTA OS MONSTROS,
ORDENA DE MAIOR A MENOR, E DE MENOR A MAIOR



5. CONTA: CANTOS MONSTROS ALEGRES HAI? E TRISTES? E CONFUSOS? E TRANQUILOS? E NAMORADOS? E ANOXADOS?





IMAXES



Representación de sombras chinas

Grupo de teatro "Os Asomados"

 **MONSTRO DE CORES**

Colexio HC San Rafael  Nº

